



RESERVA DE PRAZA PARA O CURSO 2015/2016

- Os alumnos matriculados en 6º de primaria deben realizar a reserva de praza do curso 2015/2016 para os seus fillos no instituto ao que estamos adscritos, **I.E.S. "Illa de Tambo"**, no periodo comprendido entre os días **1 e 19 de febreiro de 2015** entregando ás titoras o documento que se acompaña (**anexo I**).
- O alumnado de 6º de primaria que desexe continuar os seus estudos noutro centro de secundaria distinto do centro anterior terá que presentar, na secretaría do centro da súa elección, o **anexo II** entre **os días 2 e 23 de marzo de 2015**.
- O alumnado que desexe **reservar praza neste centro para o curso 2015/2016** deberá presentar o **anexo II** entre **os días 2 e 23 de marzo de 2015** na secretaría do centro, agás os procedentes da **E.E.I. "O Grupo"**, que está adscrito ao noso e que presentarán o **anexo I** nese centro dentro dos prazos antes indicados (do 1 ao 19 de febreiro de 2015).
- A efectos da matrícula/reserva de praza, recordámoslles que se aplicarán os criterios contemplados na lexislación vixente para o alumnado dun mesmo centro si proceden ou continúan nun centro adscrito. No noso caso, **a efectos de reserva de praza, considéranse un único centro:**
 - **E.E.I. "O Grupo"**, de educación infantil
 - **C.E.P. "Sequelo"**, de educación primaria
 - **I.E.S. "Illa de Tambo"**, de educación secundaria e bacharelato
- **Criterio complementario do C.E.P. SEQUELO:**
 - *Acreditación e valoración do criterio complementario aprobado polo centro consonte ao contemplado no artigo 9, apartado i, do Decreto 254/2012 e no artigo 28 da Orde do 12 de marzo de 2013.*

Existencia de irmáns que cursasen estudos no centro

Forma de acreditado:

- Instancia proporcionada polo colexio na que figure o nome dun irmán/dunha irmá do solicitante e o curso(s) escolar(es) durante o(s) o(s) cal(es) foi alumno/a do centro.
- Fotocopia do libro de familia, do certificado de adopción ou de acollemento ou da sentenza xudicial, que acredite a condición de irmán do solicitante.

ZONA DE ESCOLARIZACIÓN C.E.P. SEQUELO (ÁREA DE INFLUENCIA):

Avenida de Ourense ata a esquina co Concello (inclúe as rúas arredor da Igrexa Vella, como son a Rúa Echegaray, Rúa Caracol, Rúa Real, etc.), Rúa Méndez Núñez, Rúa Concepción Arenal ata a intersección coa Rúa Estrada, Rúa Busto de Abaixo, Avda. Jaime Janer e transversais que soben a Ezequiel Massoni e cara ao oeste.

Nota informativa:

Este centro non dispón de servizos complementarios de comedor nin de transporte escolar.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- **Decreto 254/2012, do 13 de decembro (D.O.G. do 26 de decembro de 2012)**, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Orde do 12 de marzo de 2013 (D.O.G. do 15 de marzo de 2013)** pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O Director,

Rafael Martínez Martí